



### ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

**Mesa de Contratación.** Constitúese a Mesa de Contratación integrada polas seguintes persoas:

Francisco Cacharro Gosende (presidente)  
Luis Tros de Ilduya Guerendiain (vogal Intervención)  
Juan Ramón Costas Núñez (vogal Asesoría xurídica)  
José Javier Rivera Martínez (vogal/secretario)

Previa convocatoria ao efecto, constitúese a Mesa de contratación ás 09:00 horas do 14/02/2023, nas dependencias do Servizo de Contratación, para tratar, entre outros, os seguintes asuntos da ORDE DO DÍA:

1. Apertura do arquivo 1, documentación administrativa, admisión de licitadores, e, no seu caso, apertura do arquivo electrónico 2, oferta técnica, referente ás seguintes licitacións:

— CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO E CON MÚLTIPLES CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DA REDACCIÓN DO PROXECTO, A EXECUCIÓN DAS OBRAS E A DIRECCIÓN FACULTATIVA PARA A CONSTRUCCIÓN E URBANIZACIÓN DO DENOMINADO “PARQUE COTO DE CANEDO”, QUE INCLÚE ESPAZOS LIBRES, PARQUE PÚBLICO, APARCAMENTO PÚBLICO SOTERRADO, E PISCINA, SITUADO NO SU-32, ZONA 2 DO P.X.O.U. DE 1986, INTERIOR DA MAZÁ FORMADA POLAS RÚAS SAN ROSENDO, SAN FROILÁN, AVDA DAS CALDAS, AVDA. BASILIO ÁLVAREZ, VICTORIA KENT E JESÚS POUSA RODRÍGUEZ (Expte. nº 2022040924)

2. Rogos e preguntas

3. Aprobación da acta da sesión

Por parte dos integrantes da Mesa procédese á apertura do arquivo electrónico un, documentación administrativa, referente ao expediente para contratar por procedemento aberto e con múltiples criterios de adxudicación da redacción do proxecto, a execución das obras e a dirección facultativa para a construción e urbanización do denominado “Parque Coto de Canedo”, que inclúe espazos libres, parque público, aparcamento público soterrado, e piscina, situado no SU-32, zona 2 do P.X.O.U. de 1986, interior da mazá formada polas rúas San Rosendo, San Froilán, avda. das Caldas, avda. Basilio Álvarez, Victoria Kent e Jesús Pousa Rodríguez (Expte. nº 2022040924), concluíndo o proceso de descriptado do arquivo ás 09:18 horas, segundo consta na plataforma Vortal.

Concluído o proceso de cualificación da documentación administrativa o resultado da cualificación é o seguinte

Nº	LICITADORES	CUALIFICACIÓN
1	Petrolam Infraestructuras SL	Admitido
2	Oreco Balgón SA	Admitido
3	UTE Extraco, Construccións e Proxectos SA (60%)-Coviastec SL (40%)	Admitido

Seguidamente, por parte dos integrantes da Mesa procédese á apertura do arquivo electrónico dous, oferta técnica, concluíndo o proceso de descriptado do arquivo ás 12:41 horas, segundo consta na plataforma Vortal.





Concello de  
**OURENSE**

## SERVIZO DE CONTRATACIÓN

Praza de San Martiño, nº 2 -1

32005-Ourense

Tfno. 988 269 333

e-mail: [contratacion@ourense.es](mailto:contratacion@ourense.es)

A Mesa acorda solicitar informe ao Coordinador de Infraestruturas e Medio Ambiente sobre a documentación técnica achegada polas empresas.

Non habendo rogos nin preguntas, a presidencia dá por concluído o acto.

A presente acta formalízase coa consideración de documento administrativo público aos efectos do previsto no artigo 26 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sendo asinada sen unidade de acto polas partes mediante firma electrónica ao abeiro do previsto no artigo 10 do mesmo texto legal.

Ourense, na data da sinatura electrónica.

